

RSS coa predición xeral.

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato RSS coa predición xeral.

Cómpre ter en conta que a información pertencente propiamente á estrutura do ficheiro RSS presentarase en formato cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML

Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódesele pasar un parámetros:

- Para o **día de predición**: o parámetro é *dia* e pode ter os seguintes valores:
 - dia=-1 → predición para todos os días dispoñibles
 - dia=0 → predición para o día en curso
 - dia=1 → predición para mañá
 - dia=2 → predición para pasado mañá
 - dia=3 → predición para o cuarto día. Este día soe estar dispoñible a partir das once da mañá.

Etiquetas propias do RSS

title: Título do RSS, que neste caso será “Predición para Galicia”.

link: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral.

description: Semellante a *title*.

pubDate: Data da publicación.

dc:date: Data da publicación.

item: Bloque de etiquetas que constitúe propiamente a información referida á predición xeral. As descritas a continuación neste apartado son as específicas do formato RSS:

title: Data da predición.

link: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral.

description: Contén os estilos para amosar o contido do ítem en formato noticia.

pubDate: Data da publicación.

guid: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral.

dc:date: Data da publicación.

Etiquetas con información da predición

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>`. As referidas a variables de tipo texto conteñen un atributo *tipo* coa descrición e as referidas a temperaturas conteñen dous atributos *tmin* e *tmax* co valor previsto para cada unha das localidades.

Cprazo:variables con atributo *tipo*=“Comentario”: Comentario xeral da predición para o día considerado.

Cprazo:variables con atributo *tipo*=“Vento”: Predición referida ao vento para o día considerado.

Cprazo:variables con atributo *tipo*=“Temperatura”: Predición referida ás temperaturas para o día considerado.

Cprazo:variables con atributo *tipo*=“Néboas”: Predición referida ás néboas para o día considerado.

Cprazo:variables con atributo *tipo*=“Estado do ceo”: Predición referida ao estado do ceo para o día considerado.

Cprazo:temperaturas con atributo *tmax* e *tmin*: Localidade para a que se predicen as temperaturas incluídas nos atributos *tmax* e *tmin*. As localidades incluídas son: A Coruña, Ferrol, Fisterra, Lalín, Lugo, Monforte, O Barco, Ourense, Pedrafita, Pontevedra, Ribadeo, Santiago, Verín, Vigo, Vilagarcía e Viveiro.

Cprazo:dataPrediccion: Data á que se refire a predición. Ten un atributo *formato*, que indica o formato da data.



Exemplo dun bloque representativo

```
<item>
  <title>Predición para xoves 19 de febreiro de 2009</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/web/prediccion/cprazo/cprazoIndex.action?dia=0
</link>
  <description></description>
  <pubDate>Thu, 19 Feb 2009 06:34:01 GMT</pubDate>
  <guid>http://www.meteogalicia.es/web/prediccion/cprazo/cprazoIndex.action?dia=0</guid>
  <dc:date>2009-02-19T06:34:01Z</dc:date>
  <Cprazo:variables tipo="Comentario">Neste día, os restos dunha fronte deixarán unha mañá con
algún intervalo de nubes de tipo medio e alto, que serán máis compactas na Mariña onde non
descartamos algunha chuvia moi feble ao longo do día. No resto de Galicia os ceos permanecerán
practicamente despexados. As temperaturas mínimas seguirán sen cambios, polo que novamente se
repiten as xeadas no interior, mentres que as máximas descenderán lixeiramente. Os ventos soprarán
do nordés, frouxos no interior e moderados no litoral, con refachos fortes no norte da Coruña a
partir do mediodía.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Vento">Vento do nordés, frouxo no interior e moderado no litoral, con
refachos fortes no norte da Coruña a partir do mediodía.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Temperatura">Temperatura mínima sen cambios, con xeadas entre febles e
moderadas en comarcas do interior e máximas en descenso lixeiro.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Néboas">Bancos de néboa matinais en comarcas do
interior.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Estado do Ceo">Ceos maioritariamente despexados pero con algún
intervalo de nubes de tipo medio e alto durante a mañá, sen descartar algunha chuvia moi feble na
Mariña.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="5">A Coruña</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="8">Ferrol</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="6">Fisterra</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="15" tmin="-4">Lalín</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="-2">Lugo</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="1">Monforte</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="1">O Barco</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="17" tmin="3">Ourense</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="9" tmin="2">Pedrafita</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="15" tmin="4">Pontevedra</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="12" tmin="3">Ribadeo</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="15" tmin="3">Santiago</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="14" tmin="1">Verín</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="15" tmin="7">Vigo</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="15" tmin="7">Vilagarcía</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="11" tmin="3">Viveiro</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:dataPrediccion formato="formato dd/MM/yyyy">19/02/2009</Cprazo:dataPrediccion>
</item>
```